


# MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA DE CEDEIRA NO ÁMBITO DO CENTRO DE SAÚDE




## APROBACIÓN INICIAL

AGOSTO DE 2021

## RESUMO EXECUTIVO



1.	INTRODUCCIÓN:.....	3
2.	ÁMBITO, ALCANCE E CONTIDO DA ALTERACIÓN DE PLANEAMENTO .....	3
3.	ÁMBITOS NOS QUE A ORDENACIÓN PROXECTADA ALTERA A VIXENTE .....	4
4.	ÁMBITO NO QUE SE SUSPENDE A ORDENACIÓN OU OS PROCEDEMENTOS DE EXECUCIÓN OU DE INTERVENCIÓN URBANÍSTICA.....	4
	ANEXO GRÁFICO.ÁMBITO AFECTADO POLA MP .....	5



## **1. INTRODUCCIÓN:**

O presente Resumo Executivo elabórase consonte o disposto no artigo 25.3 do Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (R.D.L. 7/2015, de 30 de outubro) e xúntase ao Documento de Aprobación Inicial da Modificación Puntual do PXOU do Concello de Cedeira no ámbito do centro de saúde.

O citado precepto determina a necesidade de expresión das áreas do territorio alteradas pola nova ordenación e o seu alcance. E, no seu caso, determinar aqueles ámbitos nos que cómpre suspender a ordenación (suspensión de licenzas) ou os procedementos de execución ou de intervención urbanística e mesmo a duración da suspensión.

## **2. ÁMBITO, ALCANCE E CONTIDO DA ALTERACIÓN DE PLANEAMENTO**


A documentación que se expón ao público ten a consideración de modificación puntual de planeamento xeral.

Abrangue o ámbito definido nos planos de ordenación e que resulta comprendido entre os viarios públicos Rúa de Ortigueira, Río Tixón, Río das Mestas e Avenida Zumalacárregui.

Neste escenario prevese a cualificación como equipamento dotacional sanitario e a definición dunha nova ordenanza zonal.

As parcelas incluídas no ámbito de modificación identifícanse catastralmente a través das seguintes referencias:

- 6450801NJ7364N0001PY
- 6450802NJ7365S0001LI
- 6450803NJ7365S0001TI



### **3. ÁMBITOS NOS QUE A ORDENACIÓN PROXECTADA ALTERA A VIXENTE**

A ordenación proxectada altera a vixente unicamente no ámbito definido como de modificación puntual, expresado na documentación gráfica da MP e comprendido polas rúas Condomiñas, Río das Mestas, Río Tixón e Avenida de Zumalacárregui.

Como Anexo a este documento inclúese unha representación gráfica do ámbito afectado.


### **4. ÁMBITO NO QUE SE SUSPENDE A ORDENACIÓN OU OS PROCEDEMENTOS DE EXECUCIÓN OU DE INTERVENCIÓN URBANÍSTICA**

O propio Concello de Cedeira é quen promove e formula a Modificación Puntual do PXOU no ámbito do centro de saúde, cuxo ámbito só afecta a terreos de propiedade pública, polo que non se considera necesario establecer unha suspensión temporal da ordenación nin dos procedementos de execución ou de intervención urbanística.

AGOSTO DE 2021

ARQUITECTO,  
Asdo.: Ángel Luís Monteoliva Díaz.





## ANEXO GRÁFICO.ÁMBITO AFECTADO POLA MP



DELIMITACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU NO ÁMBITO DO CENTRO DE SAÚDE SOBRE PLANO DE ORDENACIÓN DO PXOU VIXENTE DE CEDEIRA



DELIMITACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU NO ÁMBITO DO CENTRO DE SAÚDE SOBRE A CARTOGRAFÍA CATASTRAL